CiUG
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU (MAIORES DE 25 ANOS)

Código: 22

MARZO 2018

# XEOGRAFÍA

*Primeira pregunta.* A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese unha breve definición utilizando termos xeográficos.

*Segunda pregunta.* A súa valoración máxima é de 3 puntos: requírese a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e as consecuencias dos feitos expostos.

*Terceira pregunta.* A súa valoración máxima é de 4 puntos: valorarase a organización e exposición dos contidos.

1.- Defina brevemente os seguintes conceptos: Área metropolitana; Cunca fluvial; Enerxías renovables; Ría; Isóbara; e Explotación agraria intensiva.

2.- Atendendo ao documento, responda as seguintes cuestións:
a) Identifique a figura e caracterice o modelo de estrutura demográfica ao que responde. Razoe a resposta.
c) Explique as causas dos entrantes e saíntes nos grandes grupos de idade.
d) Comente as consecuencias que poden derivarse da estrutura de poboación que reflicte a figura.



Fonte: Cifras de Poboación, INE

3.- Desenvolva os aspectos que se especifican a continuación relativos ao relevo de España:
a) Os trazos xerais do relevo.
b) A formación do relevo: eras xeolóxicas e oroxenias.